

Información 04/11/2020

2º PRAZO IRPF 2019

Mañá 5 de novembro os contribuintes co IRPF do 2019 a pagar que fracionaran a renda en dous prazos, cargaranlle o segundo no seu banco. Si está no caso, asegúrese de ter o saldo correspondente.

APROBACION SUBSIDIO DESEMPREGO DE 430€

Onte aprobouse no Consello de Ministros este subsidio para aquelas persoas que agotaron a prestación de desemprego entre o 14 de marzo e 30 de xuño e non teñen ingresos nin dereito o Ingreso Mínimo Vital.

Tamén se prorroga o acceso extraordinario para os artistas e crease un subsidio de desemprego para persoal técnico e auxiliar do sector artístico.

NOVAS RESTRINCIÓNS PARA OURENSE DURANTE UN MES

A partir das 15 horas do venres 6 de novembro paraos Concellos de Ourense, Barbadás, Carballiño, Coles, Amoeiro, O Pereiro de Aguiar, San cibrao das Viñas, Toén, Verín e Xinzo:

- 1) Peche perimetral e de movemento destas áreas, salvo para traballo, escola, coidado de maiores e razóns sanitarias.
- 2) Peche Total do sector de hostelería salvo para recoller ou levar comida a domicilio.
- 3) O Comercio e o resto de actividades manterase no aforo do 50% e medidas de seguridade coñecidas.

MANTENSE O RESTO DE MEDIAS PARA OS DEMAIS CONCELLOS

O resto dos Concellos da provincia mantense as medidas, especialmente hostelería: non atención en barra, 50% interior e 75% terrazas, e aforos 50% no resto.

ANUNIANSE MEDIDAS DE APOIO SECTOR HOSTELERIA

A xunta anunciou que no consello de mañá xoves se tomarían medidas de apoio o sector hostelería e os seus traballadores.

ANTE ESTAS MEDIDAS POSIBILIDADE DE SOLICITAR NOVOS ERTES

Estas restrinicións que entran en vigor o venres para os Concellos afectados como as outras medidas para o resto do concello son suficientes para acollerse a un ERTE por impedimento ou limitativo con prestacións para traballadores e exoneración de cuotas que poden ir do 100% ata o 80%. Si están interesados contacten con Nós.